



Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Praza do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740



tomino@concellos.depontevedra.es

D^a CATALINA ECHEVARRÍA BUADES, SECRETARIA DO CONCELLO DE TOMIÑO (PONTEVEDRA).

CERTIFICADO:

Que, a Xunta de Galicia na súa sesión do 23 de xaneiro do 2017 entre outros de adopto o seguinte acordo

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

Bases Venres de Foliada

1º. Organización

O Concello de Tomiño organizador do desfile de comparsas “Venres de Foliada” do ano 2017, abrirá o prazo de inscrición das comparsas dende o día 6 ao 10 de febreiro, ámbolos dous inclusive.

O desfile terá lugar o venres 24 de febreiro ás 21:30 h. En caso de choiva realizarase o venres 3 de marzo á mesma hora. En caso de que as condicións meteorolóxicas non permitan a realización nestas datas será a Concellería de Cultura a que determinará o aprazamento ou cancelación dos actos.

2º. Inscrición

Para a inscrición deberán cubrir o impreso que se facilitará no Concello e presentalo na oficina do Rexistro Municipal.

A documentación requirida para a inscrición é a seguinte:

- **Impreso de solicitude.**
- **Certificado de titularidade da conta do representante ou da comparsa.**
- **Seguro de responsabilidade civil.**

3º. Requisitos de participación

- Terán preferencia as comparsas ou grupos do Concello de Tomiño polo que, en ningún caso, ningunha delas quedará fóra do concurso.
- As comparsas deberán estar formadas por un mínimo de 15 compoñentes.
- O número máximo de comparsas inscritas será de 20.
- As carrozas participantes no desfile non poderán exceder das seguintes dimensións, sen contar a cabeza do tractor: longo: 8,00 m. ancho: 3,50 m. alto: 4,50 m.
- Non serán admitidas as comparsas con cabalos.
- A participación implica a aceptación das presentes bases e está aberta a todas as asociacións veciñais, culturais, xuvenís, grupos, colexios, etc.



Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Praza do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

- As cuestións de dúbidas, interpretación ou imprevisto que xurdan no desenvolvemento deste desfile serán resoltas pola Concellería de Cultura.

4º. Compensacións económicas

A compensación económica para as comparsas participantes será a seguinte:

- Comparsas de 15 a 30 compoñentes e sen carroza: 100,00 €
- Comparsas de 31 a 45 compoñentes e sen carroza: 150,00 €
- Comparsas de 46 ou máis componentes e sen carroza: 200,00 €
- Comparsas de 15 a 40 compoñentes e con carroza: 200,00 €
- Comparsas de 41 a 60 compoñentes e con carroza: 300,00 €
- Comparsas de 61 a 80 compoñentes e con carroza: 400,00 €
- Comparsas de 81 ou máis componentes e con carroza: 500,00 €

O pago das compensacións económicas realizaranse mediante transferencia bancaria, previa presentación da factura correspondente no Departamento de Intervención do Concello de Tomiño (presentando certificación, se é o caso, da exención do IVE). Nos demais casos, as compensacións económicas estarán suxeitas as retencións que correspondan por normativa fiscal.

O prazo de presentación da factura será de 1 mes dende a celebración da festa.

5º. Orde de saída

O número de orde das comparsas no desfile será por rigoroso orde de chegada ao lugar de saída (RÚA AO LADO DO COLEXIO PEDRO CASELLES).

E para que así conste expido a presente co visto e praxe da sra alcaldesa en

TOMIÑO, 23 DE XANEIRO 2017

Vº E PRACE A ALCALDESA

ASDO SANDRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ

